

O baúl dos contos esquecidos



O baúl dos contos esquecidos é o resultado dun coidadoso proceso de creación onde relato, ilustración, corrección e maquetación se entrelazan para explorar a profunda relación entre educación e saúde, coñecemento e amor. Tomando como guía a frase de Bertrand Russell: «A boa vida é unha vida inspirada polo amor e guiada polo coñecemento», este libro pretende abordar temas de saúde actuais como a morte, a xestión emocional, a comunicación terapéutica e o estigma na saúde mental. Grazas a personaxes imaxinarios como a ratiña Serotonina, o mosquito Estigma e a londra Faíscas, invítase a lectores de todas as idades a somerxerse en emocionantes aventuras literarias que buscan fomentar unha vida máis plena e consciente. Confo en que o esforzo dos que fixeron posible este libro atinxa o seu obxectivo e nos impulse a ser mellores persoas.

Valores implícitos

Este libro invita ao lector a cultivar a empatía, o respecto pola saúde mental e a apertura perante temas como a morte e as emocións. Ademais, impulsa a xestión emocional, subliña o poder da comunicación e as palabras e, a través de personaxes encantadores, fomenta a comprensión mutua, a curiosidade e o crecemento persoal. A súa aspiración: fundir ciencias, letras e artes nunha experiencia enriquecedora.



O baúl dos contos esquecidos



Aos meus avós, por ensinarme cales son as claves para atopar a miña verdadeira felicidade: coidado e esforzo.

Escrito por David Arzo Larraga e ilustrado por Isabel Garcia Irurzun

Agradecementos

«Porque na vida hai que ser agradecido. **Milagros.**»

Non sei vós, pero esta é a parte que máis me gusta ao ler un libro; quizais sexa porque un se decata de que un simple libro non é outra cousa que o esforzo de moitas persoas, e non está de máis agradecer o tempo que che dedicaron: quer cambiándoche o cueiro, quer acompañándote nos momentos difíciles ou respondendo ás preguntas que che foron xurdindo ao longo da vida.

Adicado a todas as persoas que coñecín, mesmo a aquelas que, ao leren este apartado, se preguntan se tamén as inclúo aquí. Grazas á miña familia por ensinarme a coidar dende o cariño e a humildade; aos meus amigos, porque cada día que coido penso neles; e por suposto, aos meus profesores, por ensinarme a gozar cada día da aprendizaxe. A Maite e Sergio, por deterse en cada detalle e aconsellarme dende o corazón. A Imma, por transmitirme o amor pola lectura pausada. A Arantxa, pola súa dedicación e esforzo. Ao meu irmán e aos meus pais por ensinarme o máis valioso que me agasallaron: o amor. E, como non, grazas a Isa, por reflectir con paixón aquilo que as palabras non atinxen.

Agradezo a todas aquelas persoas que, con cariño e paciencia, se detiveron a solucionar as miñas dúbidas. Porque a cousa vai de facerse e de facer preguntas, pero de nada serve se non tratamos de respondelas.

